"Eu son un home... un señor maior con sombreiro e bigote, que de xeito absolutamente irresponsable, persiste na estúpida teima de vivir por e para unha das profesións, hoxe en día, máis absurdas do mundo e sen embargo por iso máis grandiosas."

O Dia das Letras Galegas é unha celebración instituída no ano 1963 pola Real Academia Galega para homenaxear as persoas que destacasen pola súa creación literaria no idioma galego ou pola defensa da lingua. Cada anodedícase a unha persoa diferente, escollida pola Real Academia Galega, tendo en conta que esixense ao menos dez anos dende o seu falecemento. A data desta celebración, o 17 de maio, débese a que neste día, no ano 186 , publicouse en Vigo o primeiro exemplar da obra "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro, que marcou o día do "Rexurdimento" cultural galego. O día 17 é festivo en toda Galicia. Dende esa data, cada ano homenaxéanse a persoas importantes como: Rosalía de Castro (1963) Ramón Cabanillas (1976) Vicente Risco (1981) Ánxel Fole (1997) Valentín Paz Andrade (2012)e Roberto Vidal Bolaño (2013) .

Este ano homenaxéase a Roberto Vidal Bolaño :

Roberto Vidal Bolaño naceu en Santiago de Compostela no 1950 .Iniciouse no mundo teatral da man do grupo "Antroido", no cal representou como actor as súas primeiras obras. Con Antroido acudeu as Mostra de Teatro abrente de Ribadavia do ano 1973 ao 1980, mostras nas que se deu a coñecer como dramaturgo e escenógrafo. Roberto, foi uns dos maiores artífices da profesionalización do teatro galego. Debido ao seu despido no ano 1977 no banco no que traballaba, veuse obligado a converter o grupo "Antroido"na primeira compañía teatral galega. Tamén foiun dos primeiros directores que participaron no teatro institucional, poñendo na escea en 1984 a súa obra "Agasallo de sombras". Cultivou, ademais da dramaturxia, as artes audiovisuales, facendo guións para a TVE (televisión española) e para a TVG (televisión galega). Traballos como "Malos tratos" son da súa autoría. Levou á pantalla relatos de grandes escritores galegos do século XX como Ánxel Fole e Eduardo Blanco Amor e incluso participou como actor en varias series televisivas de prestixio, como "Mareas vivas" .

No ano 2001 co CDG (Centro Dramático Galego) publicou Rosalía que Ramón Otero Pedrayo escribiu no ano 1958. As súas últimas actuacións foron no grupo "Teatro do aquí ", a súa compañía dos seus últimos anos. Roberto Vidal Bolaño faleceu no ano 2002, na súa Compostela natal, víctima dun cáncer de pulmón , tras dous anos de enfermidade .

LUCÍA CASALEIRO GARCÍA. 6ºA

anpa a ferradura

No terceiro trimestre, a ANPA A Ferradura propúxonos dous concursos

99 un conto en palabras

Dirixido a todo o alumnado de primaria do centro.

O conto terá unha extensión orientativa máxima de 99 palabras.

Os contos serán valorados polos compañeiros do centro que actuarán de xurado popular. Os mellor valorados de cada ciclo, serán agasallados pola ANPA.

Os premios entregaranse na última semana do curso.

Relato oral

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo. Os relatos de base popular, literaria ou de creación propia. Nas historias valorouse a calidade lingüística. A historia mellor valorada recibiu un agasallo por parte da ANPA do centro. O xurado estivo formado por dous representantes de cada clase de 3º ciclo.